

# PROXECTO: AS SERPES

**TEMPORALIZACIÓN:** 10 SEMANAS -1º trimestre.

## **OBXECTIVOS:**

- Coñecer diferentes tipos de serpes, o seu hábitat, a súa alimentación e información relevante.
- Clasificar animais en vertebrados e invertebrados.
- Identificar diferentes animais reptís, aves, mamíferos, anfibios.
- Ampliar vocabulario coñecendo as palabras relacionadas co proxecto.
- Axudar na organización da clase facendo carteis e similares.
- Traballar a escritura a través de textos relacionados.
- Ler textos relacionados co proxecto.
- Buscar, seleccionar e organizar información.
- Valorar o traballo de calidade.
- Traballar cooperativamente.
- Usar o ordenador como instrumento para xogar con actividades relacionadas.
- Crear taboleiros de xogo sobre o proxecto.
- Expoñer oralmente creacións grupais sobre o proxecto.

## **CONTIDOS:**

- Os seres vivos, os animais, os reptís, as serpes.
- Relación cos seres humanos

## **AVALIACIÓN:**

### **INSTRUMENTOS:**

- ✿ Rexistros de observación do proceso, traballo e adecuación do rol do profesor e do alumnado.
- ✿ Rexistro do traballo en tarefas grupais e individuais orais e escritos.

- ✿ Uso da asemblea como espazo de análise e posta en común, observación da participación activa.
- ✿ Consenso e resolución de problemas polo alumnado.
- ✿ Uso de estratexias metecognitivas reflexionando sobre o que aprendemos e como o facemos.
- ✿ Rúbricas de avaliación
- ✿ Autoavaliacións e coavaliacións
- ✿ kahoot, lapbook
- ✿ Taboleiros de xogo de robot.

#### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- ✿ Usar vocabulario específico do proxecto.
- ✿ Buscar, seleccionar e organizar información.
- ✿ Ler comprensivamente textos sinxelos sobre o proxecto.
- ✿ Traballar de forma colaborativa co seu equipo de traballo.
- ✿ Realizar actividades artísticas relacionadas co proxecto.
- ✿ Fomentar a importancia da investigación.
- ✿ Comprender a información transmitida a partir de vídeos e documentais.
- ✿ Identificar as diferentes tipos de serpes.
- ✿ Coñecer información acerca das serpes a súa alimentación, reprodución e hábitat.
- ✿ Aplicar a información obtida á súa vida diaria.

#### ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.

CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.

CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.

CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.

CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información. ▀

CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.

CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade

CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.

CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.

### **COMPETENCIAS DESENVOLVIDAS:**

- C. matemática e competencias básicas e ciencia e tecnoloxía: traballamos distancias, tamaños, clasificacións e categorización.
- C Lingüística, cando o alumnado utiliza as linguas de xeito oral e escrito. Selecciona, busca e organiza información.
- C. Social e cívica, cando consensuamos normas de relación e de diálogo. Traballa cooperativamente.

- C. conciencia e expresións culturais. cando se realizan carteis, murais, cando diseñamos e organizamos tarefas.
- C. Aprender a A. cando reflexionamos sobre os hábitos bos como a concentración nas tarefas. Cando buscamos informacións en diferentes fontes: libros, doc de texto.
- C. sentido da iniciativa e espírito emprendedor. cando se facilitan espazos para elixir normas, tomar decisións sobre o proxecto e as actividades.
- C. dixital. Cando Usamos o ordenador e a pizarra dixital con algún texto informativo e cando usamos xogos relacionados. Tamén cando empregamos a cámara para tirar fotografías.

### **MATERIAIS E RECURSOS:**

- Libros relacionados
- Material funxible de plástica.
- Ordenador.
- Fichas relacionadas.
- Posters relacionados.
- Vídeos

### **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

- Actividades abertas para permitir flexibilidade de resposta:
- Flexibilidade nos tempos e adaptación das tarefas.
- Fichas de ampliación e reforzo cando fose necesario
- Variedade de materiais e recursos con moito apoio visual e manipulativo.
- Creación de materiais propios, feitos polo alumnado.

### **PLAN DE TRABAJO:**

- SEMANA 1: QUE SABEMOS?

Aparece unha pel de serpe no patio, decidimos que ese vai a ser o noso primeiro proxecto. Empezamos cunha chuvia de ideas sobre o que sabemos das serpes.

Anotámolo nunhas pizarras. Pasamos toda a información ao portfolio do proxecto. Logo por equipos anotamos nuns papeliños palabras que cren que teñen relación. As pasan ao outro equipo e deciden se pegalas ou non, segundo crean que teñen ou non relación. Visualizamos un vídeo e facemos comprensión oral. Seguidamente papiroflexia sobre a serpe.

- SEMANA 2: vemos libros e investigamos para obter máis ideas, escribimos por grupos e en pizarras sobre o que queremos saber. Logo nun papel continuo imos escribindo esas ideas que localizamos nos libros.
- SEMANA 3: parellas de fala para revisar o aprendido anteriormente. A continuación texto roto en partes, o unen e vemos palabras en negriña. Experiencia coa corda para comprobar medidas de serpe. Cada palabra nova é un reto. Logo escriben tres preguntas sobre o texto en papeliños e encestan. Buscan e libros e escriben algunha pregunta máis. Ao rematar contestan as preguntas doutros compañeiros/as.
- SEMANA 4: parellas de fala sobre o texto. Localizan o nome da serpe que lles tocou para investigar e por grupos elaboran o carne de serpe. Formamos frases que lles resultan importantes co corpo.
- SEMANA 5: Repartimos diversas afirmacións acerca do aprendido que deben clasificar en certo ou falso. Expoñen o carné de serpe realizando unha autoavaliación e coavaliación. Ao rematar realízase un xogo de comprensión con gomets. Dinámica de atención cada vez que se diga unha palabra relacionada co proxecto dan unha palmada.

- SEMANA 6: traballamos sobre as curiosidades das serpes e facemos unha comprensión oral cun vídeo que nos fala sobre ese tema.
- SEMANA 7: Voltamos a traballar coas afirmacións de certo ou falso. Lenas, escollen palabras e explican ao compañeiro/a. Ao rematar, trabalamos con libros de información sobre as serpes por grupos.
- SEMANA 8: Centrémonos na reprodución vemos varios vídeos e traballamos un texto para completar por grupos. Crean xogos de taboleiro para robot tipo escornabot.
- SEMANA 9: Expoñemos os xogos e coavaliámos. Deseñamos e creamos novos xogos de instrucións para spinner.
- SEMANA 10: Traballamos as serpes en Fornelos e Galicia aproveitando unha charla dun axente forestal. Facemos un mapa de ideas final sobre o proxecto.